

**ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

INGLÉS

1º, 2º e 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

Emma Mª Salgueiro Veiga (1º, 2º e 3ºA)

Carolina Núñez García (3º B)

CEIP A Gándara (Narón)

3º Trimestre – Maio 2020

Curso 2019/2020

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS	
 IMPRESINDIBLES.....	4
 2.1. 1º curso de Educación Primaria.....	5
 2.2. 2º curso de Educación Primaria.....	9
 2.3. 3º curso de Educación Primaria.....	13
3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.....	19
 3.1. Procedementos e instrumentos.....	19
 3.2. Cualificación final.....	20
 3.3. Alumnado con algún trimestre suspenso.....	21
4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.....	22
 4.1. Actividades.....	22
 4.2. Metodoloxía.....	23
 4.3. Materiais e recursos.....	24
5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	24

1. INTRODUCCIÓN

As programacións didácticas da materia de lingua inglesa para os tres primeiros niveis de Educación Primaria entregadas ao principio do curso 2019/2020 contemplaban os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias clave que marca o Currículo Oficial de Educación Primaria (decreto 105/2014 de 4 de setembro) para cada un dos niveis. Na páxina 3 desas programacións, afirmábase que dado que as programacións se realizan ao principio do ano académico, estas poden sufrir modificacións ao longo do curso por diversos motivos que poden afectar a calquera aspecto das mesmas.

Dende o a publicación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estamos vivindo unha situación excepcional no sistema educativo. Este Real Decreto estableceu, ademais do confinamento de toda a poboación, dous aspectos clave en educación:

- a) Suspensión da actividade educativa presencial en todos os centros e etapas.
- b) Durante o período de suspensión, manteranse as actividades educativas a través das modalidades a distancia e “on line”, sempre que resulte posible.

Por este motivo, a nosa práctica docente e, polo tanto, a vida académica tanto do noso alumnado como a nosa mesma deu un xiro de 360º. Xa non iamos estar cara a cara cos alumnos, nin ían ser posibles todas esas interaccións orais nas aulas.

Enfrontámonos, polo tanto, a un reto de dimensións incalculables tanto as familias, coma o alumnado e os propios docentes.

Non está sendo doado para ninguén; seguro que cometemos moitos erros que tratamos de ir subsanando e mellorando cada día, xa que a autocrítica e os vosos comentarios (tanto de apoio coma as críticas construtivas) son dous piares básicos para tratar de superarnos día a día.

A Orde EFP/365/2020, do 22 de abril establece o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19. Na nosa comunidade, esa orde vese concretada nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Respecto á adaptación da programación didáctica, nas instrucións do 27 de abril de 2020 establécese que se deben revisar os currículos e programacións para centrarnos nas aprendizaxes e competencias imprescindibles, flexibilizando o noso traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do alumnado nin sobrecargalo de tarefas excesivas.

Nos puntos seguintes desenvólvese a adaptación das programacións iniciais da materia de lingua estranxeira (inglés) en 1º, 2º e 3º de Educación Primaria.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Reproducimos nestas táboas os estándares que consideramos máis importantes e que foron traballados ao longo do curso. Neste terceiro trimestre centrarémonos en traballar aqueles que estean dentro das nosas posibilidades, dado o momento actual. Non cabe dúbida de que os bloques 1 e 2 do currículo (comprensión e expresión oral) son os máis prexudicados, xa que aínda que propoñemos en todos os niveis actividades de escoita, non é posible esa interacción que ten lugar na clase na que hai un intercambio de opinións e demais sobre os audios. Ademais, tampouco é posible facer actividades de expresión oral entre compañeiros.

Ao non avanzar en materia, tampouco poderemos traballar os estándares que se refiren ás historias, nin ver cancións novas, xa que en cada historia ou canción se trata vocabulario e estruturas novas e non é posible traballalas sen unha explicación previa e demais.

2.1. 1º curso de Educación Primaria

Criterio de avaliación	Estándar	Competencia Clave	Trimestre
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	CCL	1º, 2º, 3º
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	CCL	1º, 2º, 3º
	PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras	CCL CCA	1º

	persoas.		
B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).	CCL	2º, 3º
	PLEB2.3. Amosa una actitude de escoita atenta.		1º, 2º, 3º
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	CCL CSC	1º, 2º, 3º
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	CCL CSC	1º, 2º, 3º

redundante en soporte papel ou dixital.			
B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	CCL	1º, 2º, 3º
	PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	CCL CAA	2º, 3º
B4.1. Escribir textos ou palabras moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.	CCL	2º, 3º

B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	CCL	2º, 3º
B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.	CCL CSIEE	1º, 2º, 3º
B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía.	CCL CSC	2º, 3º
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos) nome, idade e gustos) e da súa contorna.	CCL	2º, 3º
B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio	PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi	CCL	2º, 3º

limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situación cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	simples.		
---	----------	--	--

2.2. 2º curso de Educación Primaria

Criterio de avaliación	Estándar	Competencia Clave	Trimestre
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións ou adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	CCL	1º, 2º, 3º

B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.	CCL	1º, 2º, 3º
	PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.	CCL CCA	1º, 2º, 3º
B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).	CCL	2º, 3º
	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	CSC	1º, 2º, 3º
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	CCL CSC	1º, 2º, 3º
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido	PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en	CCL CSC	1º, 2º, 3º

xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.	textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.		
B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	CCL	1º, 2º, 3º
	PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	CCL CAA	2º, 3º
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	CCL	2º, 3º

familiares e predicibles.			
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	CCL CAA	1º, 2º, 3º
B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.	CCL	1º, 2º, 3º
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía.	CCL CSC	2º, 3º
B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, número, calidades físicas, forma e cor.	PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.	CCL	1º, 2º, 3º
B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.	PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.	CCL	2º, 3º

B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	CCL CSC	1º, 2º, 3º
B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.	PLEB5.15. A moso interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.	CCL CSC	2º, 3º

2.3. 3º curso de Educación Primaria

Criterio de avaliación	Estándar	Competencia Clave	Trimestre
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.	CCL	1º, 2º, 3º

claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente			
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.	CCL	1º, 2º, 3º
B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.	PLEB1.4. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.	CCL CAA	1º, 2º, 3º
	PLEB1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas	CCL	1º, 2º, 3º

	(instrucións, indicacións, peticións, avisos).		
	PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.	CSC	1º, 2º, 3º
B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.	CCL	3º
B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	CSC	1º, 2º, 3º
	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	CCL	1º, 2º, 3º
	PLEB2.5. Amosa interese e respecto polas achegas dos seus	CSC	1º, 2º, 3º

<p>non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.</p> <p>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<p>compañeiros/as.</p>		
<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p>	<p>CCL</p>	<p>1º, 2º, 3º</p>
<p>B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.</p>	<p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.</p>	<p>CCL</p>	<p>1º, 2º, 3º</p>
<p>B4.1. Escribir textos</p>	<p>PLEB4.1. Escribe frases</p>	<p>CCL</p>	<p>1º, 2º, 3º</p>

<p>sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p>		
<p>B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</p>	<p>PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.</p>	CCL	2º, 3º
<p>B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na</p>	<p>PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade,</p>	CCL	2º, 3º

situación de comunicación propia da aula.	actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.		
	5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.	CCL	1º, 2º, 3º
	5.7. Diferencia preguntas e respostas simples.	CCL	1º, 2º, 3º
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.	PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc.	CSC	1º, 2º, 3º
	PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.	CCL CAA	3º

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

As instrucións do 27 de abril de 2020, no apartado "7. Avaliación, promoción e titulación", no punto 7.3 din "a avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 (...) realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

Tamén no apartado "2. Educación Primaria" no punto 2.3, sobre os procedementos de avaliación, afirmase: "(...) daráselle prioridade á avaliación (...) a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre".

No punto 2.4. engádese: "os centros poderán realizar actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico, polo mesmo mecanismo co que cada centro viñese comunicándose co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial".

3.1. Procedementos e instrumentos

Ao longo do curso utilizáronse unha serie de procedementos e instrumentos de avaliación, tales como a observación directa, sistemática e diaria do alumnado (asistencia, o seu comportamento e actitude, participación...), a análise das súas producións (producións orais, producións escritas, cancións), intercambios orais co alumnado (assemblea, rutinas), e rúbricas nas que se gradúan os estándares en 4 niveis, dende o máis básico ata o nivel superior de consecución do estándar. En 3º curso tamén se fixeron pequenos controis das unidades vistas.

Neste momento, no 3º trimestre non podemos utilizar a maioría de procedementos ou instrumentos, polo que nos centraremos na revisión das

tarefas entregadas e a realización de actividades *online*. Cabe subliñar neste apartado que non pediremos todas as tarefas propostas, senón algunhas delas que se solicitarán para a súa entrega por correo electrónico ou a súa realización *online* nun prazo concreto.

3.2. Cualificación final

Dada a situación excepcional na que nos atopamos, na que a maioría do alumnado está traballando moito nas súas casas, e as situacións familiares son moi diversas, a cualificacións final da materia de inglés vai ser tamén excepcional.

Como se di nas instrucións citadas anteriormente, valorarase principalmente o traballo realizado nos dous primeiros trimestres, dos que temos unha cualificación máis obxectiva, pero tamén se terá en conta o traballo de repaso realizado.

A obtención da nota será a media dos dous primeiros trimestres coa seguinte ponderación:

$$[(\text{Cualificación do 1}^{\text{o}} \text{ trimestre} \times 0,4) + (\text{Cualificación do 2}^{\text{o}} \text{ trimestre} \times 0,6)]$$

Esa nota resultante poderá incrementarse en 0,5 sempre e cando o alumnado se mantivera en contacto coas mestras enviándonos os traballos ou actividades solicitadas en tempo e forma ao noso correo electrónico ou por calquera outro medio que indiquemos as mestras (plataforma de *Liveworksheets*, por exemplo). Poñerémosvos un prazo para a entrega de actividades (probablemente a finais de maio ou principios de xuño), e esas serán as que se teñan en conta para subir a nota final, xa que o resto sabemos que as estades corrixindo vós coas solucións que vos imos dando.

Deste xeito, un alumno que no primeiro trimestre obtivera un 6 e no segundo un 7, tería de nota media un 6,6, que podería incrementar cun 0,5 entregando os traballos solicitados e pasando así a obter un 7,1, polo que lle quedaría de nota final un 7.

Outro exemplo sería o alumnado que mantivo a súa nota ao longo do curso. Un alumno ou alumna que sacara un 7 na primeira avaliación e outro 7 na segunda, de nota media tería un 7, que podería aumentar tamén un 0,5 entregando os traballos solicitados e pasaría a un 7,5 que únicamente nesta situación extraordinaria redondearíamos cara ao 8 como nota final (caso de alumnado que mantivera a nota nos dous trimestres anteriores).

Cabe destacar que para obter o 10 na cualificación final, é necesario telo nalgún dos dous trimestres anteriores e ademais entregar as tarefas encomendadas. Non será posible ter un 10 sen telo obtido con anterioridade, xa que esta nota supón a excelencia e hai aspectos que non se poden valorar nesta situación de maneira obxectiva (é dicir, un alumno ou alumna que sacara nos dous primeiros trimestres un 9, non poderá levar en ningún caso un 10 de nota final polo que acabamos de comentar).

É importante subliñar que estas notas finais teñen moi en conta o momento no que nos atopamos, e que deben considerarse como unha especie de recompensa polo traballo realizado nestes duros días para todos, pero hai que ser realistas e ter en conta que hai contidos que non se puideron traballar ao longo deste curso (probablemente os de maior complexidade, que se adoitan traballar no último trimestre, unha vez que adquiren máis confianza e soltura).

De ter sido un final de curso “normal” nas aulas con interacción mestra-alumnado, probablemente en moitos casos as cualificacións serían diferentes, xa que seríamos un pouquiño máis esixentes e obxectivos.

3.3. Alumnado con algún trimestre suspenso

No caso do alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres, é necesario distinguir dous casos ben diferentes:

- a) Se un alumno suspendeu inglés nun só trimestre, farase a media segundo o indicado no apartado 3.2., dado que é unha lingua e a maioría dos estándares se traballan en todos os trimestres. Se con

ese cálculo está aprobado, non se lle esixirá nada máis para superar a materia, mentres que se non lle dá para aprobar, pediránselle unhas tarefas para entregar no tempo que se lle indique, para obter dese xeito o 0,5 polo traballo realizado dende a casa e ter así o aprobado na materia. De ser ese o caso, a cualificación final sería un “5” e farase constar esta circunstancia no informe final individualizado do alumnado.

- b) Un alumno que ten as dúas avaliacións suspensas, non tendo adquiridos a práctica totalidade dos estándares imprescindibles dos trimestres anteriores, non poderá aprobar inglés este curso. Aínda así, e en coordinación coa orientadora do Centro, daráselle material para que siga en contacto coa materia e tamén constará no informe final individualizado.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

4.1. Actividades

Nas instrucións do 27 de abril de 2020 establécese que durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.

Nos primeiros niveis de Educación Primaria, e dado que a lingua estranxeira é unha materia cunha vertente práctica moi importante e a interacción coa mestra esencial, este terceiro trimestre céntrase unicamente en reforzo das unidades vistas ata o momento no que se decreta o estado de alarma.

Centrámonos, polo tanto, nos temas 1, 2, 3 e 4, que estamos reforzando semanalmente, xa que a inclusión de novos temas suporía novas historias, novo vocabulario e novas cancións e consideramos que iso implicaría un esforzo extra tanto para o alumnado como para as familias, que neste momento non cremos que sexa adecuado asumir.

Os tipos de actividades son variadas: pdfs con acceso a *listenings* e demais, xogos, cancións e actividades interactivas a través de páxinas web como *Learn English Kids* do *British Council* (<https://learnenglishkids.britishcouncil.org/es>), *Mundo Primaria* (<https://www.mundoprimary.com/juegos-educativos/juegos-de-ingles>) ou *Liveworksheets* (<https://es.liveworksheets.com/>).

Respecto ao alumnado que carece de medios e/ou conexión dixital, estamos en contacto a Orientadora, as titoras e as mestras de inglés para coñecer eses casos que por calquera circunstancia non poidan acceder ás tarefas desta materia e estanse tomando as medidas para facerlles chegar as propostas semanais para poder seguir o ritmo das clases (a través dun servizo ofrecido polo Concello de Narón).

4.2. Metodoloxía

A metodoloxía neste terceiro trimestre cambia radicalmente con respecto aos trimestres anteriores, xa que debido ás circunstancias excepcionais que estamos a vivir non é posible impartir a clase nas aulas e, polo tanto, as interaccións co noso alumnado teñen lugar a través dun ordenador, tablet ou teléfono móbil na maior parte dos casos.

O medio usado principalmente para propoñer as actividades de inglés é a páxina web do centro, na que semanalmente se remite ao blog <https://teacheremmagandara.blogspot.com/>, no que para cada nivel se establecen semanalmente unha serie de actividades, que aparecen explicadas unha a unha de maneira detallada e inclúen os audios correspondentes.

Dende o momento da suspensión das clases mostrámonos a disposición das familias a través dos nosos correos electrónicos, respondendo sempre no mesmo día as dúbidas ou comentarios das familias, intentando apoialas e facilitándolles o traballo o máximo posible:

Emma (1º, 2º e 3ºA)	Carolina (3ºB)
emmasalqueiroveiga1@gmail.com	Karoli1973@gmail.com
emma.salqueiro@edu.xunta.es	

Para aqueles casos con dificultades para acceder ás actividades, tal e como se comentou no punto 4.1. contamos coa axuda do Concello de Narón para facerlles chegar o material en formato pdf.

4.3. Materiais e recursos

Os recursos e materiais cos que contamos son as fichas en formato pdf, audios que lles poñemos no blog, fichas interactivas, cancións, xogos, o libro dixital (que se usa para repaso das cancións, historias e vocabulario das unidades 1-4) e algunha videoconferencia co alumnado realizada a través da plataforma Webex (só no caso de 1º, 2º e 3ºA).

Respecto ás videoconferencias, gustárame (Emma) poder realizar varias ao longo do trimestre, pero nas que levo realizadas ata o momento da redacción deste documento houbo problemas técnicos, familias que por diversos motivos non se puideron conectar, pais/nais que consideran ao alumnado demasiado pequeno e pouco autónomo para levar a cabo este tipo de actividades... Por estes motivos, unidos ao feito de que hai alumnado que non ten acceso ou/nin formación para manexar estas tecnoloxías, aínda que me gustaría que foran moito máis frecuentes, neste momento non é posible nestes niveis de Educación Primaria. Se esta situación se alonga moito no tempo, esperemos que unha vez que todos esteamos máis familiarizados con este tipo de ferramentas, si poidan ser unha forma de manternos conectados de maneira frecuente e enriquecedora (en cursos vindeiros).

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Esta adaptación da programación da materia de inglés será exposta públicamente na páxina web do CEIP A Gándara (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandaranaron/>) no apartado de “Xefatura de Estudos” no subapartado “Documentos Oficiais”.

Ademais, tamén poñerei o enlace á mesma no meu blog, que as familias consultan semanalmente para acceder ás tarefas propostas en cada nivel (<https://teacheremmagandara.blogspot.com/>).